

RESOLUCIÓN DA CONCELEIRA DELEGADA DA ÁREA DE PERSOAL Nº 462 /2016

Vista a resolución número 281/2016, do 16 de febreiro, pola que se acordaba aprobar a listaxe provisional de admitidos e excluídos no proceso selectivo para a cobertura de un posto de traballador social, en réxime de dereito laboral temporal, segundo as bases publicadas no BOP de data 28 de outubro de 2015.

Visto que na referida resolución xa se determinaba a data e lugar de realización dos correspondentes exames, 19 de marzo de 2016 no IES Virxe do Mar (proba de galego e primeiro exame tipo test) e 16 de abril de 2016 (proba práctica).

Visto que trala publicación na sede electrónica da páxina web do Concello de Noia da resolución nº 281/2016, se presentan alegacións por candidatos que non constan resoltas na data actual, e que polo tanto non consta tampouco elaborada nin publicada a lista definitiva dos candidatos admitidos e excluídos, resultando temporalmente imposible a realización dos exames nas datas referidas, dada a inmediatez das mesmas.

Visto que na resolución nº 281/2016, na súa parte dispositiva, apartado primeiro, advírtese un erro, de xeito que onde figura “Aprobar a seguinte relación *definitiva* de aspirantes admitidos (Anexo I) e excluídos (Anexo II), debera figurar “Aprobar a seguinte relación *provisional* de aspirantes admitidos (Anexo I) e excluídos (Anexo II)”, resultando de aplicación o artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Visto que na resolución nº 2059/2015, do 20 de outubro, na súa parte dispositiva, apartado segundo, advírtese un erro, de xeito que onde figura “convocar o proceso selectivo de persoal mediante o sistema de *concurso-oposición* (..)”, debera figurar segundo o disposto nas bases do procedemento de selección, “convocar o proceso selectivo de persoal mediante o sistema de *oposición* (..)”

Considerando a competencia delegada na concelleira dona María Luisa Villar Ageitos, segundo resolución nº 318/2016.

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar as datas e lugares de realización da proba de galego, e do exame tipo test (primeiro exercizo) no proceso selectivo para a cobertura de un posto de traballador social, en réxime de dereito laboral temporal do seguinte xeito:

- Proba de Galego (para os aspirantes que non achegaran o Celga 4), **16 DE ABRIL DE 2016** no Pavillón Polideportivo Municipal, as **11:00 horas**.
- Primeiro exercizo tipo test, **16 DE ABRIL DE 2016** no Pavillón Polideportivo Municipal, ás **12:00 horas**.

Segundo.- Proceder á corrección de erros na resolución nº 281/2016, na súa parte dispositiva, apartado primeiro, de xeito que onde figura “Aprobar a seguinte relación *definitiva* de aspirantes admitidos (Anexo I) e excluídos (Anexo II), debera figurar “Aprobar a seguinte relación *provisional* de aspirantes admitidos (Anexo I) e excluídos (Anexo II)”.

Terceiro.- Proceder á corrección de erros na resolución nº 2059/2015, do 20 de outubro, na súa parte dispositiva, apartado segundo, de xeito que onde figura “convocar o proceso selectivo de persoal mediante o sistema de *concurso-oposición* (..)”, debera figurar segundo o disposto nas bases do procedemento de selección, “convocar o proceso selectivo de persoal mediante o sistema de *oposición* (..)”

Cuarto.- Publicar esta resolución no Taboleiro de Edictos do Concello de Noia, así como na páxina web da sede electrónica municipal.

Quinto.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, ante o mesmo órgano que o dictou, no prazo dun mes a partir do día seguinte á recepción da notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza, no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Noia, 17 de marzo de 2016.
A concelleira delegada.

A secretaria accidental.

María Luísa Villar Ageitos

Alba Vázquez de la Serna.